

## Reflexións sobre o silabeo de *unha*, *algunha* e *ningunha*

Francisco Dubert García  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMO

Un dos vellos problemas que presenta a descrición do sistema fonolóxico do galego constitúe a segmentación silábica dos determinantes *unha*, *algunha* e *ningunha*, onde o dígrafo <nh> representa unha consoante nasal tradicionalmente considerada velar. Unha parte dos lingüistas móstrase a favor dunha segmentación que inclúa a nasal velar na coda dunha sílaba que ten como núcleo a vocal precedente (*unh.a*, *al.gunh.a* e *nin.gunh.a*); a outra parte dos estudiosos decántanse por agrupa-la nasal coa vocal seguinte, de modo que a consideran no ataque da sílaba (*u.nha*, *al.gu.nha* e *nin.gu.nha*). Tras comentar e desestimar as argumentacións que defenden a primeira postura, neste traballo presentamos algunhas reflexións que pretenden favorecer a segunda.

**Palabras clave:** galego, fonoloxía, sílaba, consoantes nasais.

### ABSTRACT


The syllabic segmentation of the determiners *unha*, *algunha* and *ningunha*, where <nh> stands for a nasal velar consonant [ŋ], constitutes an old problem in the description of the Galician's phonological system. Some linguists defend a segmentation that includes the nasal velar consonant in the coda of a syllable that has the foregoing vowel as nucleus (*unh.a*, *al.gunh.a* e *ningunh.a*), while other linguists prefer grouping the velar nasal with the following vowel (*u.nha*, *al.gu.nha* e *nin.gu.nha*). After reflecting on the convenience of the arguments defending the former interpretation and discounting them, we aim to reinforce the second one.

**Key words:** Galician, phonology, syllable, nasal consonants.


## PRESENTACIÓN

Unha vella cuestión aínda non resolvida nos estudos de fonoloxía galega é a posición que lle corresponde no esquema silábico á consoante nasal que encontramos nas palabras [uŋa] ‘unha’, [aʎuŋa] ‘algunha’ ou [nĩŋguŋa] ‘ningunha’. Como se sabe, existen na actualidade dúas interpretacións:

- α) Na primeira, a nasal correspóndese cunha unidade situada en posición de coda silábica segundo mostra o esquema 1 (onde  $\sigma$  representa sílaba,  $V_1$  representa *u*, N representa *ŋ* e  $V_2$  representa *a*).



Esquema 1. Silabeo α.



Esquema 2. Silabeo β.

- β) Na segunda, a nasal correspóndese cunha unidade situada en posición de ataque silábico segundo mostra o esquema 2.

Entre os defensores da primeira postura podemos salientar a Amable Veiga (1976 e 1984), Carballo Calero (1979), Taboada (1979), Alexandre Veiga (1984 e 1993), Carvalho (1988), Castro (1989), González e González (1997) e Vidal (1997). Entre os defensores da segunda postura destacan Santamarina (1972), Porto Dapena (1976 e 1977), Álvarez et alii (1986), Regueira (1989), Álvarez (1991) e Freixeiro (1998).

O certo é que, agás algunhas excepcións, a maioría das análises anteriores carece de argumentación: a maior parte delas simplemente se limita a afirmar que a unidade en cuestión ocupa unha determinada marxe da sílaba. A postura α fundaméntase sobre todo no feito de que:

- unha consoante nasal posnuclear seguida dunha vocal separada por unha fronteira léxica realízase como [ŋ] ([es'taŋ a'i] ‘están aí’); e
- entre o[ŋ] e o [a] de *unha*, *algunha* ou *ningunha* existe unha fronteira morfolóxica.

A postura β afirma que as oclusivas nasais de [uŋa] ‘unha’, [una] ‘una’ e [uŋa] ‘uña’ ocupan a mesma posición: a de ataque silábico.

Nótese que nos estamos a referir á consoante de [uŋa], [aʎuŋa] e [nĩŋguŋa] e non á de [kora'θoŋe] ou [kaŋ'θjoŋe]. Freixeiro (1998, p. 178), que dá por sentada a posición da nasal [ŋ] de [uŋa] no ataque silábico seguindo só criterios de autoridade, afirma que o fonema /ŋ/

“achámolo como intervocálico medial en *unha(s)*, *algunha(s)* e *nengunha(s)* ou tamén en casos de palabras terminadas en nasal que levan un *-e* paragóxico (*corazonhe*, *cancionhe*)”. Para nós esta interpretación resulta inaceptable, pois o *-e* paragóxico aparece por un proceso fonolóxico posléxico variable que enxerta un segmento ausente da representación subxacente, mentres que a vocal /a/ de *unha* resulta dun proceso morfolóxico que enxerta o segmento na representación subxacente. As dúas vocais finais están en planos de análise totalmente distintos<sup>1</sup>.

Non nos imos ocupar neste estudio dos problemas que orixina a presenza do [ŋ] en palabras coma *inhumano* ou *anhelar*, que son doutra orde e merecen un traballo separado, nin da alternancia entre consoante nasal velar e consoante nasal alveolar ante o artigo definido (referímonos a alternancias coma [‘ben a ‘tele] e [‘ber] a ‘tele] ‘ven a tele’, onde temos unha secuencia de verbo rematado en consoante nasal + artigo definido + substantivo), que xa estudiamos por extenso en dous traballos anteriores (Dubert 1996 e 1998).

Así pois, o noso problema reside en comprobar se as consoantes nasais de [fuma], [uŋa], [upa] e [una] están nun contexto idéntico (como propoñen os defensores de β) ou a nasal de [uŋa] está nun contexto distinto (como propoñen os defensores de α). Neste traballo pretendemos facer crítica dos argumentos que defenden a interpretación do tipo *esquema 1* e achegar algunhas reflexións que arrequenten o debate e que sirvan, polo menos na nosa intención, para fortifica-lo *esquema 2*.

Dado que este constitúe un dos problemas máis serios que presenta a fonoloxía do galego, non só estamos lonxe de pretender sinalar solucións definitivas e incuestionables (pretensión pouco realista nas ciencias en xeral, e na lingüística en particular), senón que tamén estamos abertos a modificar e revisa-la nosa postura inicial se xorden argumentos que acheguen solucións máis simples e coherentes. Queremos sinalar ademais que, por un simple problema de espazo, a nosa análise se centrará só no modelo de lingua estándar proposto polas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* e deixará de lado os diferentes sistemas dialectais que se afastan desta variedade.

## 2. A PROPOSTA DE AMABLE VEIGA (1976 E 1984)

Nos seus traballos, parécenos que Amable Veiga nunca demostrou que a nasal de [uŋa] fose posnuclear, senón que simplemente o afirmou. Foi máis un punto de partida para a súa

1 A orixe desta confusión pode vir de Carballo Calero (1979), que nas páxinas 126–127 e 136 da súa gramática adxudica a nasal velar á coda e mestura os casos de *-e* paragóxico cos de *unha ~ algunha ~ ningunha*, e que na páxina 149 *quere* considera-la nasal como segmento situado no ataque.

No mesmo parágrafo que citamos arriba, só que dúas liñas despois, Freixeiro identifica este seu fonema /ŋ/ de *unha* e *corazonhe* coas realizacións velares do arquifonema /N/. Esta é outra interpretación que non podemos asumir: evidentemente, as realizacións velares de /N/ son fonos, non fonemas.

reflexión sobre o sistema fonolóxico galego do que un produto desa reflexión. Sen embargo, tentou xustificar dalgún xeito a súa proposta de silabeo e para iso botou man dun recurso propio da fonoloxía distribucionalista americana: a *xuntura*.

“Certo que *una* es distinto de *unha*, pero es porque en cada caso la nasal ocupa una posición diferente: explosiva en una, donde, por lo tanto, es realización del fonema oclusivo nasal alveolar /n/, e implosiva en el segundo, donde la nasal es realización del archifonema oclusivo /N/. Lo que es pertinente, pues, es la frontera silábica, la silabación si se prefiere, lo que algunos fonólogos llamarían un fonema de juntura” (Amable Veiga 1976, p. 106).

Dúas cuestións xorden aquí: dun lado, a simple afirmación, xa sinalada, de que existen silabeos distintos; doutro, o emprego cun valor un tanto especial do que é a *xuntura*. Trask (1996, p. 189, s.v. *junction phoneme*) define esta unidade nos seguintes termos:

“In American Structuralist phonology, any of several putative phonological constructs, having the status of phonemes but lacking any intrinsic phonetic content, set up to account for the observed phonetic differences between apparently identical sequences of segmental phonemes, as in *nitrate* and *night-rate*, or as *why choose* and *whit shoes*”.

Polo tanto, pode verse como en primeiro lugar, as xunturas non son fronteiras silábicas, senón unidades do repertorio fonolóxico dunha lingua. En segundo lugar, as xunturas serven para explica-las diferencias alofónicas que lles corresponden a secuencias fonolóxicas idénticas. Sen embargo, ¿u-las secuencias fonolóxicas idénticas, se se indica que en [uŋa] a nasal realiza ó arquifonema /N/ e en [una] a nasal realiza ó fonema nasal alveolar /n/? Como vemos, a noción de xuntura tórnase un simple recurso para xustifica-la presenza de /N/, non para explicar un alófono [ŋ] de /n/, que na concepción teórica do noso autor non pode aparecer en posición posnuclear, onde para el é indemostrable a pertinencia do trazo [±nasal] e do punto de articulación. Para Veiga, a unidade /N/ existe porque existe /+/. Sen embargo, o recurso analítico da xuntura foi creado para explicar diferencias de realización alofónica, non para xustificar a existencia de tal ou cal unidade fonolóxica.

Se ademais temos en conta que a xuntura é, na concepción dos seus creadores, unha unidade fonolóxica máis, resulta sorprendente que por evita-lo recoñecemento de /ŋ/ no ataque

2 De feito, parécenos que unha análise fonolóxica que bote man dos arquifonemas e que recoñece os límites da palabra non ten necesidade (ou mesmo, no caso do galego non ten posibilidade) de emprega-la noción de xuntura. A xuntura xorde como resposta a un presuposto teórico da fonoloxía distribucionalista: a imposibilidade de que na análise fonolóxica se teña en conta información doutros niveis de análise. Dado que os límites entre palabras e morfemas constitúen información de niveis de análise distintos do fonolóxico, os fonólogos distribucionalistas non poden empregarlos nas súas descripcións fonolóxicas. Precisamente no caso de *unha* existe unha fronteira morfolóxica que é a que condiciona a análise proposta. Véxase Anderson (1985, p. 336).

da sílaba se bote man de /+/, elemento que ten unha existencia moito máis dubidosa. Aínda no suposto de que non se lle conceda o *status* de fonema á xuntura, que se revise o seu valor, ou que se resolva o problema que ó noso xuízo levanta a incompatibilidade teórica entre os conceptos de arquifonema e o de xuntura, o uso deste recurso segue a complica-la gramática moito máis ca unha simple proba de conmutación nun mesmo contexto, pois encarece a descrición. E se se elimina a noción (sexa a orixinal, sexa outra reformada), segue sendo preciso xustifica-lo silabeo proposto.

Para rematar este apartado, queremos simplemente sinalar outra breve cuestión teórica relacionada indirectamente co tema que tratamos. Para este autor, a nasal de [uŋa] realiza un arquifonema baleiro, sen trazos pertinentes. Dado que [ŋ] ocupa a posición posnuclear, non pode ser conmutado por ningún outro segmento, pois, fóra de [ŋ], calquera segmento non silábico intervocálico ocupa o ataque e non a coda da sílaba. Desta maneira, os trazos *consoante non líquida oclusiva nasal posterior (velar)* “son en el redundantes, ni distintivos ni dominantes (...). Es, pues, un archifonema vacío: en él sólo es pertinente su existencia, su dimensión segmental” (Veiga 1984, p. 55). Non deixa de ser curiosa esta interpretación se temos en conta que na fonoloxía funcional as unidades fonolóxicas son definidas como *feixes de trazos pertinentes* (definición que achega e defende o propio Veiga, véxase 1976, pp. 14-15). Sen embargo, aquí propóñenos unha unidade que carece completamente deles.

### 3. A PROPOSTA DE GONZÁLEZ E GONZÁLEZ (1997)

Fronte a Veiga, González e González propoñen unha serie de argumentos para defende-lo carácter posnuclear da consoante nasal que se fundamentan na substancia fonética, na distribución dos segmentos e en referencias de corte histórico. Segundo estes autores:

- a) Con independencia da interpretación fonolóxica do segmento en cuestión, nada impide considerar que esta consoante nasal vaia situada foneticamente na coda da sílaba.

Desde un punto de vista estrictamente fonético, parece ser que non existen ferramentas posibles que poidan definir qué é unha sílaba (Ladefoged 1993, pp. 243-248; Ladefoged e Maddieson 1996, pp. 281-282; Laver 1994, p. 113; Trask 1996, p. 345). Se é difícil (ou quizais imposible) determina-lo que é unha sílaba desde esta perspectiva, máis difícil será identifica-los seus constituíntes. Dado que existen dificultades para segmentar secuencias de fonos en sílabas con independencia da interpretación fonolóxica que fagamos dos fonos, pois a segmentación en sílabas dunha secuencia de fonos xa é de por si unha operación de interpretación fonolóxica, non parece aconsellable dicir que foneticamente un segmento ocupa tal posición nunha sílaba.

- b) A imaxe acústica e a interpretación auditiva da nasal é a mesma en [uŋa 'βiʒa] 'unha vida' ca en [uŋ ka'tiβo] 'un cativo'.

Constatar esta posible identidade non *significa* moito desde un punto de vista fonolóxico: o único que mostra o experimento en que se funda a aseveración é que o [ŋ] de [uŋa] é intercambiable co de [uŋ ka'tiβo]. Poderíase compara-la imaxe acústica da consoante golpeada alveolar de *mar aberto e para Berto*: posiblemente as dúas consoantes golpeadas intervocálicas sexan foneticamente idénticas e mesmo intercambiables, a pesar de ocuparen posicións distintas no marco da fonoloxía da palabra e incluso de pertenceren, nalgúns tipos de análise, a unidades fonolóxicas distintas. Unha unidade fonolóxica pode ter varios alófonos diferentes e un mesmo fono pode pertencer a máis dunha unidade fonolóxica: o que cómpre é demostrar, con argumentos fonolóxicos, a qué unidade fonolóxica remite cada fono concreto e cuál é a súa posición na cadea.

Por outra parte, a *interpretación auditiva* tamén non é unha proba concluínte. É evidente que a interpretación dun segmento está condicionada polo sistema fonolóxico que se posúe. Se ademais ten razón Vidal (1997) ó afirmar que a consoante nasal de *unha* e a de *cangar* son segmentos articulatoriamente distintos (e todo parece indicar que así é), o argumento da impresión auditiva perde toda a súa forza.

- c) Non existe [ŋ] ó principio de palabra: “idealmente, pois, deberían ser operativas ó principio de sílaba as mesmas restriccións secuenciais que operan ó comezo da palabra (...). De modo análogo, as mesmas restriccións secuenciais que se observan ó final dunha palabra deberían presentarse ó final dunha sílaba”.

Sen embargo, non é certo que sempre operen as mesmas restriccións fonotácticas no ataque dunha sílaba interna e no comezo dunha palabra, nin na coda dunha sílaba interna e en final de palabra. Os exemplos existen en moitas linguas, pero abonda con recordar que en galego [r] non pode aparecer en posición inicial de palabra e si pode constituírse en ataque en sílabas internas; ou que no léxico patrimonial podemos encontrar rimas tipo vocal + semivocal + consoante en sílabas situadas no final da palabra (*máis, dous, seis, quizais, adeus, pois, despois*), pero non en sílabas situadas no interior da palabra (fóra de compostos do estilo *seiscentos*).

- d) Existe un alto grao de cohesión entre a nasal posnuclear e o núcleo silábico.

Para este argumento baséanse os autores nas teorías expostas por Carvalho (1988), que teñen a súa orixe na fonoloxía autosegmental. Sen embargo, este autor afirma que a consoante nasal de [paŋ] ocupa en galego o núcleo silábico, e non a coda, como afirman González e González<sup>3</sup>. Carvalho fundamenta a súa postura no punto de articulación velar da consoante en posición final absoluta ou seguida de vocal heterosilábica e en que as vocais trabadas por nasal

3 “Le galicien (...) et (...) le portugais témoignent ainsi de l'existence d'au moins deux classes paradigmatiques distinctes de finales syllabiques: d'un côté, /-s, (-θ), -r, -l) dans l'un et /-s, -r/ dans l'autre, qui se comportent, ainsi que les implosives castillanes, comme véritables *codas*; de l'autre, gal. /-ŋ, -y, -w/ e ptg. /-l, -y, -w, -ỹ, -w̃/, plus étroitement rattachées au centre de syllabe et formant avec lui un noyau ou un sommet complexes” (Carvalho 1988, p. 244).

teñen en galego un (pretendido) maior grao de nasalidade ca no castelán (a este respecto véxase Vidal 1992, pp. 16-17). Esta interpretación conta con problemas que non podemos afrontar agora, aínda que sexa conveniente sinalar que transforma o que desde unha perspectiva estritamente sincrónica é un proceso alofónico nun problema de cohesión silábica de inspiración diacrónica<sup>4</sup>. Deste xeito, desliga os procesos asimilatorios das nasais posnucleares seguidas de consoante da súa realización en posición final, pois esquece que, coma no castelán, en galego estas asimilan o punto de articulación das consoantes que seguen despois ([ˈkaŋto], [ˈkampo], [emˈfermo])<sup>5</sup>.

Sen negarmos que poida existir un proceso histórico que tenda a dar máis cohesión entre a vocal nuclear e a consoante nasal da coda (interpretación tamén discutible), non vemos claro cómo se pode reflectir isto na estrutura sincrónica da lingua, ou mesmo se é preciso reflectilo: parécenos máis económico considerar que a nasal de [ˈkaŋtos] ocupa a mesma posición silábica cá fricativa de [ˈkastos] ou cá golpeada de [ˈkartos], e o mesmo coa nasal de [ˈpaŋ], a fricativa de [ˈpaθ] e golpeada de [ˈpar].

- e) A introducción nalgún momento da historia do galego dunha consoante epentética entre unha nasal velar e a vocal seguinte: os casos de *fungueiro*, *engorde* ou *engalar*.

Quizais esta sexa a evidencia máis forte que se poida presentar a favor dunha segmentación [uŋ.a]. Sen embargo, unha cousa son os procesos que se deron nalgún momento da historia do galego e outra ben distinta os que se rexistran agora. A introducción desta consoante epentética [g] en *engorde* ou *fungueiro* non responde a ningún proceso productivo da gramática actual do galego, de xeito que non existe ningunha diferencia fonolóxica entre a secuencia [ŋg] de *engorde* e a secuencia [ŋg] de *anguía*. A aparición de [g] en *engorde* é un asunto que compete á diacronía desa palabra e pouco ten que ver coa flexión actual de *un* ~ *ningún* ~ *algún*.

Por outra parte, ó longo da historia do galego, palabras coma *canda* [ˈkaŋda], *onda* [ˈoŋda] ou *anda* [ˈaŋda] recibiron nalgúns territorios un elemento epentético [j], de modo que se transformaron en *candia* [ˈkaŋdja], *ondia* [ˈoŋdja] ou *andia* [ˈaŋdja]. Este [j] é similar, senón idéntico, ó que se emprega para fortalece-la fronteira silábica nos hiatos: [a.ˈaw.uja] > a.ˈjaw.uja]. Neste caso, é evidente que a epéntese de [j] en [ˈoŋdja] non significa que a conso-

4 Nos procesos históricos que traen consigo a eliminación das consoantes nasais posnucleares é bastante común que se pase por unha fase na que, unha vez perdido o segmento nasal da coda, quede aínda un resto do trazo [+nasal] que recae sobre a vocal precedente. Finalmente, este trazo [+nasal] pode tamén perderse: [-[ã] > -[ã] > -[a]. O que nesa fase intermedia está asociado ó núcleo silábico é o trazo [+nasal], non o segmento nasal.

5 Desde un punto de vista sincrónico, a única diferenza entre as nasais posnucleares en galego e en castelán consiste na selección do punto de articulación en posición final absoluta ou ante vocal heterosilábica. O galego selecciona alófonos velares ([esˈtaŋ] e [esˈtaŋ aˈi]) e o castelán estándar selecciona alófonos alveolares ([esˈtan] e [esˈtan aˈi]).

ante oclusiva oral dental se deba interpretar como constituínte da coda da sílaba que ten [o] como núcleo e que o [j] sirva para reforzar ese silabeo ([ˈoŋd.a] > [ˈoŋd.ja]).

#### 4. A PROPOSTA DE CASTRO (1989)

Obdulia Castro (1989, pp. 144-155) fundamenta teoricamente a súa exposición na *fonoloxía léxica*, que, fronte ós outros modelos que acabamos de describir, recoñece a existencia de varios niveis de derivación e de representación.

Este marco teórico, desenvolvido no máis amplo da fonoloxía xenerativa, recoñece que existen dous tipos de regras fonolóxicas fundamentais: as regras que actúan dentro da compoñente léxica, que son disparadas por procesos morfolóxicos, e polo tanto están vencelladas a eles e á formación de palabras; e as regras que actúan unha vez inserida a palabra na sintaxe, que carecen de ningún tipo de condicionamento morfolóxico ou léxico e que por iso se chaman posléxicas. Un postulado fundamental da fonoloxía léxica, polo menos na súa versión máis purista, é que os afixos están ordenados por estratos, de maneira que primeiro actúan os procesos morfolóxicos do primeiro estrato, despois outros procesos do estrato seguinte. Non hai acordo sobre cantos estratos deben aparecer, pero afírmase que son as propiedades morfolóxicas e fonolóxicas de cada afixo as que determinan a qué estrato pertence (véxase un resume dos postulados da fonoloxía léxica en Katamba 1993 ou en Spencer 1991).

A nosa autora considera que a diferenza entre [una] e [uŋa] xorde porque estas palabras adquiren os seus compoñentes en diferentes estratos. Nos dous casos, a base é [un], cunha oclusiva nasal [n] especificada como alveolar. A forma verbal [uŋa] comeza a formarse no primeiro estrato de derivación, onde a raíz [un] adquire unha vocal temática [i] que deixa o [n] en posición intervocálica desde o primeiro momento, o que deixa a salvo o seu punto de articulación e a súa posición de ataque silábico; polo tanto, cando se lle engade o sufixo /a/ de modo e tempo no terceiro estrato de derivación, xa a nasal é alveolar. O artigo [uŋa], sen embargo, fórmase dun xeito distinto a partir da mesma raíz [un]. Para Obdulia Castro, dado que [un] recibe o significante do morfema de xénero feminino fóra do léxico, a nasal queda en posición final ante vocal heterosilábica e, polo tanto, velarízase. Segundo a nosa autora, o sufixo engádese fóra do léxico, na sintaxe, porque *unha* é un artigo e recibe a flexión dun substantivo<sup>6</sup>. Desta maneira, parece que se defende que o sufixo significante do morfema de xénero feminino se comporte coma unha especie de clítico.

6 É o que cabe entender cando afirma que “la palabra *unha* (...) sale del léxico como [uŋ] en su forma masculina y [uŋ +V] en su forma femenina, *adquiriendo gracias a la fonética sintáctica el morfema de femenino de la palabra a la que acompaña*; la *n* de [un] está claramente en posición final de palabra y en el entorno correspondiente para la aplicación de la regla de velarización” (Castro 1989, p. 151, cursivas nosas; véxase tamén as pp. 245-257).

Ó noso xuízo, esta teoría presenta varios problemas nos que agora resulta imposible deterse. Sen embargo, interésanos salientar de entre todos eles que existan en galego outros tipos de feminino para as bases rematadas en nasal (*toleirón ~ toleirona*, *bailarín ~ bailarina*, *laczán ~ lacazana*) para os que esta interpretación non se adecúa ben. É evidente que en casos coma os de *María era unha muller lacazana*, o sufixo de xénero feminino de *unha* e o de *lacazana* aparecen no mesmo estrato e polas mesmas razóns (pois tanto *unha* coma *lacazana* reciben o xénero de *muller*), e, sen embargo, a súa adxunción ten consecuencias diverxentes, pois nun caso a nasal que pecha a base é alveolar e no outro e velar: [uŋa mu'ʃer laka'θana].

Na teoría de Obdulia Castro, *pequen-o ~ pequen-a*, *laczán ~ lacazana* ou *un ~ unha* deberían recibir os sufixos de xénero no mesmo estrato posléxico de derivación. A razón de que non rexistremos velarización en *pequeno ~ pequena* débese a que esta última parella ten no léxico a forma [pekenV], onde [V] representa o lugar reservado para o morfema de xénero, que debe ser obrigatoriamente enchido tanto no masculino coma no feminino; deste modo, a nasal de *pequeno ~ pequena* xa está en posición intervocálica no léxico<sup>7</sup>. Para a nosa autora *un* ten unha forma [un] no léxico, sen o espacio reservado para a vocal, xa que *un* é unha palabra posible e autónoma na lingua. Para podermos explicar cos seus elementos de análise a existencia dunha nasal alveolar en *lacazana*, cumpriría postular que a base *laczán* conta no léxico cun lugar para unha vocal ([lakaθanV]) que non se enche no caso do masculino e que si se enche no caso do feminino. A solución parécenos algo *ad hoc* desde que *laczán*, coma *un*, é unha forma que si existe autonomamente. Pola mesma razón, non vemos por qué non considerar que *un* ten unha forma [uŋV] no léxico e que o lugar da vocal non se enche no masculino e si se enche no feminino, de modo que [ŋ] estea xa en posición intervocálica no léxico.

Pero os problemas da interpretación de Obdulia Castro non rematan aí, pois ó lado de *un ~ unha* e de *laczán ~ lacazana* existen casos residuais coma *vacún<sub>adx</sub> ~ vacúa<sub>adx</sub>* e *patrón<sub>s</sub> ~ patroa<sub>s</sub>*. Como vemos, as consecuencias da engádegas do significante do morfema de xénero feminino aquí son completamente distintas e traen consigo a eliminación da consoante nasal final da base. Dentro do marco máis estrito da fonoloxía léxica, cumpriría recoñecer nestes casos que existen varios sufixos /a/ distintos pero homófonos que se engaden á base en estratos diferentes. A razón de que teñamos que considerar tal débese a que existe unha relación directa entre as propiedades morfofonolóxicas dos afixos e os estratos, e aquí estes afixos teñen propiedades distintas, pois nuns casos a súa engádegas supón a perda da nasal e noutros a súa permanencia (véxase Katamba 1993, pp. 135-139). Supomos que en casos coma *patroa* ou *ladroa* resulta imposible defender que o sufixo /a/ se sume fóra do léxico, pois isto significaría que a eliminación da nasal se debería a un fenómeno posléxico, e a perda de nasais intervocálicas non é de ningún xeito un fenómeno productivo na gramática do galego.

7 A regra de velarización non afecta a *pequeno ~ pequena* porque "aunque el morfema de género es especificado fuera del léxico en concordancia con la palabras a que modifica, esta palabra {pequeno} es formada en el léxico como [pekenV], es decir, \*pequen no es una palabra en sí misma sin la vocal final, mientras que un es una palabra autónoma" (Castro, 1989 p. 154).

## 5. A NOSA PROPOSTA

Antes de expo-la nosa interpretación dos feitos, consideramos preciso establecer cáles sons os alicerces teóricos sobre os que descansa, que, coma no caso de Obdulia Castro, se fundamentan dentro do marco da fonoloxía xenerativa.

### 5.1. Algúns conceptos morfolóxicos

Polo que se refire á morfoloxía, consideramos tamén prioritario deixar claro o significado dalgúns conceptos que imos manexar e cos que debemos gardar coherencia. As *categorías morfosintácticas* son clases de unidades gramaticais do contido que determinan dalgún modo o lexema. Poden crear paradigmas e entre elas, e dentro do marco da palabra que as contén, están nunha relación sintagmática: o verbo ten como categorías morfosintácticas o número, os modos, o tempo e as persoas. Por *propiedades morfosintácticas* entendemos cada un dos elementos do contido que se agrupan dentro dunha mesma categoría morfosintáctica. As propiedades morfosintácticas están en oposición paradigmática entre si: dentro da categoría xénero encontrámo-las propiedades de masculino (MAS) ou feminino (FEM), e só unha delas pode aparecer determinando un lexema. Véxase Matthews (1991, pp. 36-40).


Xeralmente a introducción das propiedades morfosintácticas ten repercusións na base significante do lexema: o máis común é que se engada unha peza fonolóxica. Cando isto sucede, atopámonos ante a suma de *morfemas*, que son signos mínimos<sup>8</sup>. Nos morfemas gramaticais o significado está constituído polas propiedades morfosintácticas; o significante ou expoñente está constituído, xeralmente, por secuencias de fonemas que denominaremos *morfos*. O morfema xorde de asociarmos unidades do contido (que pasan a ser significados de signo) a unidades da expresión (que pasan a ser significantes de signo ou *morfos*).

Sen embargo, non existe unha relación biunívoca entre as propiedades gramaticais e os morfos, de modo que cada unha teña un (e só un) segmento independente que lle sirva de expoñente. Unhas veces é así; sen embargo, é un fenómeno bastante común na gramática do galego que dúas propiedades se constituán nun significado dun só morfema (/mos/ é o significante de P<sub>1</sub>-PL). Outras veces, en cambio, unha propiedade ou ben carece dun significante independente dentro da palabra en que funciona (a propiedade FEM en /flor/) ou ben exprésase por varios medios (/nob-o/ fronte a /nɔb-a/, onde observamos un cambio na vocal final e na vocal radical).

8 “La verdad es que, si se define el morfema como signo mínimo, cabe hablar del significante y del significado del morfema; pero, si se define teniendo en cuenta solo una de las dos caras del signo, hay una deficiencia también terminológica, pues n hay término para denominar el signo mínimo. Parece razonable reservar el término morfema —estándar en la lingüística americana y ampliamente difundido en la lingüística europea— y definirlo como signo mínimo. De este modo, se considera el signo mínimo desde la perspectiva adecuada y, como signo que es, consta de la asociación solidaria y biunívoca de un significante y un significado” (Pena 1991a, p. 372).

**5.2. A constitución das sílabas**

Para dotar dunha estrutura silábica unha secuencia de fonemas existen dous principios de aplicación universal: o primeiro asegura que as sílabas sen ataque non están permitidas se existe algún tipo de elemento que poida ocupar esta posición; o segundo afirma que a construción do ataque debe preceder á construción da coda (Roca 1994, p. 145). Nunha secuencia de consoantes e vocais, as vocais conforman o núcleo da sílaba en virtude da súa maior sonoridade e as consoantes as marxes por causa da súa menor sonoridade. Consonte estes principios, nunha secuencia CVCV a consoante que precede a unha vocal debe constituírse no ataque da sílaba que a vocal en cuestión conforma. Así, para obtérmo-la estrutura silábica de *rapaz* debemos pasar polos procesos reflectidos no esquema 3.




Esquema 3. Silabeo de /ra'paθ/.

De acordo cos principios que acabamos de enunciar, o máis común é que se dea un proceso de resilabeo cando se produce a adxunción dun sufixo que comeza por vocal a unha base que remata en consoante, de modo que a consoante que cerra a base deixa de ocupa-la marxe posnuclear da sílaba que a contén para agruparse coa seguinte vocal: como consecuencia, a consoante en cuestión deixa de ocupa-la posición de coda para transformarse en ataque:

- 1 a) .pin.'tor → .pin.'tor+a → .pin.'to.ra
- b) .ra.'paθ → .ra.'paθ+a → .ra.'pa.θa
- c) .es.pa.'jɔl. → .es.pa.'jɔl.+a → .es.pa.'jɔ.la
- d) .ko.ru.'jes. → .ko.ru.'jes.+a → .ko.ru.'je.sa
  
- 2 a) .pin.'tor. → .pin.'tor.+es → .pin.'to.res.
- b) .ra.'paθ → .ra.'paθ+es → .ra.'pa.θes
- c) .'kɔl. → .'kɔl.+es → .'kɔ.les
- d) .ko.ru.'jes. → .ko.ru.'jes.+es → .ko.ru.'je.ses.

Nestes exemplos podemos comprobar que o resilabeo é de regra se se conserva a consoante precedente. As únicas excepcións obsérvanse naqueles casos en que se produce o borrado da consoante final da base que recibe o afixo. Débese insistir en que tanto o borrado do segmento final da base coma o resilabeo son procesos fonolóxicos asociados á engádegade do sufixo e conforman un ciclo derivativo en conxunto co proceso morfolóxico; realmente, o

propio proceso morfolóxico crea o contexto para que poidan funcionar estes procesos. Véxanse no esquema 4 unha representación gráfica do proceso.



Esquema 4. Silabeo de /ra'paθa/.

### 5.3. As bases rematadas en consoante nasal

Hoxe en día existen en galego dous tipos fundamentais de nomes coa súa base rematada en consoante nasal que soportan flexión de xénero. Unha clase que podemos denominar  $\gamma$ , caracterizada porque tanto a propiedade MAS coma a propiedade FEM teñen un segmento na expresión que lles serve de significante. Polo tanto, nesta clase existen verdadeiros morfemas de xénero, entendendo por morfemas unidades nas que o contido semántico é significado e a expresión é significante. Exemplos desta clase de nomes son *nen-o* ~ *nen-a*, pero tamén *veciño-o* ~ *veciña-a* ou *am-o* ~ *am-a*. Debido a factores ortográficos, sería fácil excluír involuntariamente deste estudo as palabras cunha base rematada nunha consoante nasal distinta da alveolar, coma se todo o problema se orixinase entre *un* ~ *unha* e *alemán* ~ *alemana*.

Ó pé desta clase de nomes, existe outra clase que podemos denominar  $\delta$ , caracterizada porque ben unha das propiedades da categoría xénero ben as dúas carecen dun segmento propio que lles sirva de significante. Esta clase non ten un comportamento regular no galego estándar e aparece subdividida en varias subclases:

	masculino	feminino
$\delta_1$ ) <i>refén</i>	[re'fɛŋ]	[re'fɛŋ]
$\delta_2$ ) <i>irmán</i>	[ir'mãŋ]	[ir'ma]
$\delta_3$ ) <i>vacún</i>	[ba'kuŋ]	[ba'kua]
$\delta_4$ ) <i>ladrón</i>	[la'ðroŋ]	[la'ðroŋa] ~ [la'ðroa]
$\delta_5$ ) <i>alemán</i>	[ale'mãŋ]	[ale'mãŋa]
$\delta_6$ ) <i>un</i>	[uŋ]	[uŋa]

Na clase  $\delta_1$ , que conta con poucos representantes no galego normativo, observamos un caso de sincretismo: a adxunción ó lexema das propiedades MAS e FEM non provocan no plano da expresión ningunha modificación. Deste xeito, a partir dunha base /re'fɛŋ/, que serve de significante ó lexema REFÉN<sub>s</sub> (sen determinacións de xénero e número), obtemos /re'fɛŋ/ como

significante de REFÉN<sub>5</sub>-MAS e /refeŋ/ como significante de REFÉN<sub>5</sub>-FEM, a través de procesos de conversión ou de engádegas de sufixos ou morfos Ø (véxase Matthews 1991, Pena 1991, Martínez 1978 para unha crítica do concepto morfo Ø); compórtanse do mesmo xeito os adxectivos *común* e *ruín*.

Na nosa interpretación, tanto  $\delta_2$  coma  $\delta_3$ ,  $\delta_4$ ,  $\delta_5$  e  $\delta_6$  teñen en común o feito de que carecen dun segmento de expresión para a propiedade MAS e presentan un expoñente /a/ para a expresión da propiedade FEM. As formas do masculino son obtidas directamente a partir da base, seguindo o modelo de flexión de *refén*. As formas do feminino son obtidas sumando á base o sufixo /a/. Nos membros da clase  $\delta_2$  o masculino créase por conversión ou sufixación Ø e o feminino coa engádega dun afixo /a/; este afixo elimina a consoante nasal e contrae coa vocal final: /ir'maŋ/ + /a/ > /ir'maa/ > /ir'ma/. Aínda que este modelo flexivo *irmán* : *irmá* é o propio da lingua normativa, ten pouco soporte no galego dialectal, e a maioría das palabras que reciben este tratamento no galego estándar funcionan no galego dialectal segundo outros modelos<sup>9</sup>. O casos de  $\delta_3$  son residuais; neles comprobamos que cando o sufixo /a/ se suma ó sufixo derivativo *-un* (un sufixo que transforma un grupo determinado de substantivos en adxectivos clasificadores), o sufixo perde a consoante final. Como vemos, a regra que elimina a consoante nasal despois de suma-lo sufixo /a/ ten que ter acceso á estrutura interna de *vacún* ou *cervún*, porque esa eliminación só se produce nos adxectivos obtidos a través dunha derivación co sufixo *-un*: *vacún*, *cervún* e *cabrún*, e non en palabras coma *un*, *ningún*, *algún* ou *común*. As formas *vacún*, *cervún* e *cabrún* non son comúns fóra da lingua normativa e mesmo son descoñecidas na maioría do territorio lingüístico galego<sup>10</sup>.

A regra que elimina a nasal en  $\delta_4$  trala adxunción do sufixo /a/ tamén debe ter acceso á estrutura interna da base, pois a consoante nasal só se elimina naquelas palabras en que a terminación non é significante de ningún morfema: *león* ou *patrón*. A regra de elisión da nasal non é de aplicación categórica, senón que é opcional: o falante pode escolle-la posibilidade da eliminación ou da conservación da consoante final da raíz. Cómpre sinalar que no galego falado e na lingua popular se impón cada vez máis a formación do feminino que non elimina a consoante nasal, conforme ó modelo  $\delta_5$ . Deste xeito, as formas coma *ladroa* ou *leoa* están en recesión e hoxe estanse impoñendo formas coma *leona* ou *ladrona*.

A clase  $\delta_5$  é a que presenta un número maior de ítems. Contén palabras derivadas tipo *mamón* ~ *mamona* ou *cabezón* ~ *cabezona*, tipo *bailarín* ~ *bailarina* e *galopín* ~ *galopina* ou tipo *toleirán* ~ *toleirana* e palabras base tipo *capitán* ~ *capitana* (tamén entran neste grupo

9 As formas equivalentes maioritarias no galego dialectal poden encaixar no modelo  $\delta_1$  (*o irmán* ~ *a irmán* en occidente, cunha análise idéntica á de *refén*), no modelo  $\delta_5$  (*o muradán* ~ *a muradana*), ou con modelos propios (*o irmao* ~ *a irmá* no galego central e oriental); alén destas dúas posibilidades, para os ítems da clase  $\delta_2$  do galego normativo existen nos dialectos galegos outras solucións "intermedias", como son *o irmá* ~ *a irmá* ou *o irmao* ~ *a irmán*.

10 Témo-la sospeita de que as formas *vacún* ~ *vacúa* proceden da área xeográfica en que se dá a flexión *un* ~ *úa* ou *algún* ~ *algúa* para os indefinidos e non da área en que se dá *un* ~ *unha* ou *algún* *algunha* (véxase mapas correspondentes do ALGa II).

moitos patronímicos da lingua popular que na lingua estándar funcionan baixo o modelo  $\delta_2$ : *muradán ~ muradana*). Non podemos deternos agora na estrutura interna destas palabras e só nos interesa a nasal final da base, pois en ningún destes casos a engádega do sufixo /a/ supón a súa eliminación; como xa sabemos, esta nasal aflora alveolar ante o sufixo /a/ do morfema de xénero feminino. Do mesmo xeito, non se elimina a nasal nas palabras do grupo  $\delta_6$  *unha ~ algunha ~ ningunha*, e é aquí onde xorde o problema, pois, ¿por que en  $\delta_5$  aflora unha consoante alveolar e en  $\delta_6$  unha consoante velar?

#### 5.4. A flexión [uŋ] ~ [uŋa] vs. [alɛ'mãŋ] ~ [alɛ'mãŋa]



Desde o noso punto de vista, a resposta á pregunta anterior vén de compara-la flexión que se resume nos modelos  $\delta_5$  e  $\delta_6$ : dun lado, os elementos que aparecen nesas clases manteñen plena vitalidade na fala popular; doutro lado, dado que conservan a consoante nasal uniformemente, proporcionanno-las mellores bases de comparación.

Sen embargo, consideramos precisa unha breve digresión antes de seguirmos adiante con esta reflexión e de respondérmo-la pregunta que acabamos de formular. Desta maneira, queremos primeiro sinalar que, desde o noso punto de vista, as oposicións que separan as consoantes nasais en posición posnuclear só están *neutralizadas* en superficie, aínda que non sempre sexa así na súa representación fonolóxica: cómpre, cando menos nalgúns casos, recoñecer a existencia de segmentos especificados dentro das oclusivas nasais posnucleares. Véxanse os seguintes exemplos tomados do verbo *poñer*. O significante da  $P_2$  Singular do Imperativo deste verbo carece de vocal temática e de calquera outro sufixo modotemporal ou número-persoal. Polo tanto, o contido léxico do verbo e os contidos gramaticais exprésanse botando man unicamente da raíz (3 *a ~ b ~ c*). Sen embargo, na  $P_2$  Singular Presente de Subxuntivo ou na  $P_1$  Plural do Presente de Indicativo (3 *d ~ e*) encontrámo-la raíz seguida de afixos que comezan por vocal.

3    a) .poŋ.    b) .poŋ.a.ki.    c) .poŋ.djaŋ.te.    d) .po.ja.    e) .po.je.mos

Nos exemplos 3 *a ~ b ~ c* ( $P_2$  Singular do Imperativo) é fácil constatar que a oclusiva nasal posnuclear obedece os procesos alofónicos comúns das consoantes da súa clase: velar en posición final absoluta (3 *a*), seguida de vocal heterosilábica (3 *b*) ou tomando o punto de articulación da obstruente seguinte (3 *c*); sen embargo, o feito de que á raíz se lle engada dentro da palabra un afixo que comeza por vocal (os casos 3 *d ~ e*) a través de procesos morfolóxicos fai que xurda en superficie a oclusiva nasal cos mesmos trazos que ten na forma subxacente: isto débese a que ó sumárselle o afixo flexivo que comeza por vocal dispárase un proceso de resilabeo, a oclusiva nasal pasa a forma-lo ataque da nova sílaba e, ó pasar a ocupar a posición prenuclear, pode mante-los seus trazos (véxase esquema 5). Sen embargo, en 3 *a ~ b ~ c* non aparece ningún elemento flexivo vocálico trala raíz; en consecuencia, a oclusiva nasal queda en posición posnuclear dentro da palabra en que se atopa e vese obrigada a pasar

polos procesos alofónicos que corresponden ás oclusivas nasais posnucleares (véxase esquema 6).



Desta exposición é claro que nós concluímos que en 3 *a ~ b ~ c ~ d ~ e* partimos dunha mesma raíz cunha mesma consoante radical /ɲ/, que ten na forma subxacente o punto de articulación especificado (para a nosa proposta de análise de *poñer* véxase Dubert 1998, pp. 285-288). E é precisamente por esta vía por onde pretendemos explica-la alternancia que observamos en *alemán ~ alemana* e *un ~ unha* e dar unha solución ó noso problema que xa presentamos: sinalar qué lugar ocupa a oclusiva nasal de [uɲa].

Para as palabras da clase  $\delta_5$  (*lerchán ~ lerchana, bailarín ~ bailarina*) postulamos unha forma teórica cunha raíz que remata en /n/ (consoante que ten o trazo alveolar especificado). Cómpre insistirmos en que esta raíz é só o significante do lexema. Así por exemplo, malia /lerʧan/ ser formalmente unha palabra posible da lingua galega, non se pode inserir aínda na sintaxe, pois calquera lexema que pertenza á categoría léxica SUBSTANTIVO ou ADXECTIVO debe estar determinado coas categorías morfosintácticas XÉNERO e NÚMERO. A engádega da propiedade MAS ó lexema LERCHÁN<sub>adx</sub> non ten repercusións no significante, pois o proceso morfolóxico a que se asocia é unha operación de identidade ou de sufixación Ø (véxase cadro 1a). Sen embargo, a inserción da propiedade FEM trae consigo unha modificación no significante da nova palabra morfosintáctica (LERCHÁN<sub>adx</sub>-FEM), pois a propiedade FEM vai ligada a un segmento fónico que lle serve de expresión; polo tanto, o feminino do lexema LERCHÁN<sub>adx</sub> fórmase a través da inserción dun novo morfema que ten por significante /a/ e por significado FEM (véxase cadro 1b). Debe terse tamén presente que o feminino se forma sobre a raíz, o que quere dicir que nunca se parte do masculino, como se podería pensar dun xeito máis intuitivo.

LERCHÁN <sub>a</sub> → LERCHÁN <sub>a</sub> +MAS → [LERCHÁN <sub>a</sub> -MAS] /lerʧan/      /lerʧan/      /lerʧan/	LERCHÁN <sub>a</sub> → LERCHÁN <sub>a</sub> +FEM → [LERCHÁN <sub>a</sub> -FEM] /lerʧan/      /lerʧan/+a/      /lerʧan/
--	---

Cadro 1a.

Cadro 1b.

Ó non se engadir ningún material fonolóxico para construí-lo masculino, a oclusiva nasal /n/ que pecha a raíz destas palabras queda en posición posnuclear e pasa a comportarse como calquera outra nasal que ocupe esa posición, de modo que pasa polos procesos alofónicos contextuais pertinentes: [este lɛr'tʃaŋ], [o lɛr'tʃaŋ a'kel], [o 'majɪ lɛr'tʃaŋ da'ki], [ke lɛr'tʃaŋ bos fa'low]. Debe terse presente que esta variación na escolla dos alófonos da nasal se dá no nivel posléxico. Dado que a inserción da propiedade FEM, sen embargo, inclúe a adxunción dun /a/ significativo do morfema de xénero feminino ó final da raíz, o /n/ final da raíz pasa a agruparse silabicamente coa vocal /a/ significativo do morfema conforme ó modelo exposto para *rapaza* ou a *poña*. Deste modo, o fonema /n/ queda en posición prenuclear e o seu punto de articulación asegurado.

Nós propomos un proceso flexivo paralelo para *un ~ algún ~ ningún*. Sen embargo, debe existir algún mecanismo que garanta a aparición de [ŋ] no feminino. Para nós, ese mecanismo consiste en permitir que a nasal final da raíz teña o seu punto de articulación especificado, como o ten *lerchán* ou *poñer*: ese punto de articulación, claro está, é o velar. Así, na formación do masculino partimos dunha raíz /uŋ/, significativo dos lexemas UN<sub>art</sub>, UN<sub>num</sub> e UN<sub>indef</sub>. O masculino fórmase co mesmo proceso ca en *lerchán* (véxase cadro 2a). Do mesmo xeito ca antes, ó non se sumar ningún elemento á raíz, a oclusiva nasal queda en posición posnuclear e pasa polos procesos alofónicos pertinentes: [uŋ 'ɔme], [um bo 'ɔme], [uŋ gran 'ɔme]. Sen embargo, cando se determina o lexema coa propiedade FEM, súmase á raíz o significativo /a/. Do mesmo xeito ca antes, a adxunción do significativo do morfema dispara un proceso de resilabeo que deixa a antiga nasal posnuclear en posición de ataque (véxase cadro 2b).


$$\frac{\text{UN}_{\text{artind}}}{/uŋ/} \rightarrow \frac{\text{UN}_{\text{artind}+\text{MAS}}}{/uŋ/} \rightarrow \frac{[\text{UN}_{\text{artind}-\text{MAS}}]}{/uŋ/}$$

Cadro 2a.


$$\frac{\text{UN}_{\text{artind}}}{/uŋ/} \rightarrow \frac{\text{UN}_{\text{artind}+\text{FEM}}}{/uŋ/+a/} \rightarrow \frac{[\text{UN}_{\text{artind}-\text{FEM}}]}{/uŋa/}$$

Cadro 2b.

Nos esquemas 7 e 8 mostrámo-los procesos de silabeo de *lerchana* e de *unha*, respectivamente.



Esquema 7. Silabeo de /ler'tʃana/.



Esquema 8. Silabeo de /uŋa/.

Esta interpretación ten algunhas vantaxes que ó noso xuízo lle dan unha maior coherencia ó modelo explicativo. No que se refire á compoñente morfolóxica, aforramos marcas na información morfolóxica das bases ás que se lles suma o sufixo: en caso contrario, cumpriría indicarmos que os indefinidos *un ~ algún ~ ningún* posúen no lexicón un comando ou trazo diacrítico especial que bloquea o resilabeo da súa consoante final neste contexto. Ademais, manter que se dá o resilabeo e que a nasal final está especificada como velar garante que o sufixo vocálico /a/ significante da propiedade FEM pase a comportarse coma calquera outro sufixo vocálico que se suma a unha base rematada en consoante sen eliminar este último segmento (*rapaza, coruñesa, lacazana, poña, poñemos...*). Pola contra, negar aquela vía obriga a sinalar unha terceira posibilidade combinatoria no sufixo: engadi-lo sufixo vocálico a unha base consonántica sen elimina-la consoante final e bloqueando o proceso de resilabeo dentro do léxico. Este é o único caso que se dá en toda a morfoloxía do galego e representa unha excepción a un proceso regular e natural.

Seguindo por esta vía, nega-lo resilabeo dentro do léxico tamén crea unha excepción (e polo tanto un encarecemento descritivo) na compoñente fonolóxica: dada a secuencia (C)VCV de segmentos que se forma coa engádega do sufixo á base (*un + a*), impedi-lo resilabeo provoca unha segmentación silábica  ${}_s(C)VC{}_sV$  (u.ŋ.a) insólita, marcada e antinatural na fonoloxía do galego; pola contra, se se admite que o resilabeo se dá no léxico, xorde a segmentación normal, non marcada e natural  ${}_s(C)V{}_sCV$  (u.ŋa)<sup>11</sup>.

Como se ve, admitir que o punto de articulación da nasal de [uŋa] está especificado na representación léxica subxacente e recoñecer que si se dá un proceso de resilabeo, produce máis regularidades e menos complicacións na interpretación e explicación do proceso flexivo de *un ~ algún ~ ningún*.

Quedan sen embargo algunhas cuestións pendentes. Primeiro, é preciso sinalar que ó pé de [uŋ] ~ [uŋa] temos [u'nir], [uni'ðaðe], [unifi'kar], [u'njon], etc. É evidente que se se propón unha raíz /uŋ/ para *un ~ unha*, cómpre explica-la presenza da nasal alveolar [n] dos derivados. Desde o noso punto de vista, estamos ante un alomorfo /un/ da raíz en distribución complementaria e non necesariamente ante formas derivadas. Debido á penetración dos cultismos ó longo da nosa historia lingüística, resulta un fenómeno común no léxico galego existiren parellas coma *leite ~ lácteo*, *persoa ~ personaxe*, *oír ~ audible*, *ollo ~ oculista*. Resultaría peregrina a idea de derivar sincronicamente *leite* de *lacte* porque exista *lácteo*, ou *ollo* de *óculo* porque exista *ocular*. As palabras *unir ~ unidade ~ unión* son cultismos do mesmo tipo ca *lácteo* ou *ocular* (véxase Williams 1938, p. 84). Negar que entre *un* e *unir* exista unha relación lingüística semellante á que se dá entre *leite* e *lácteo* parécenos un prexuízo fundado no

11 Nótese, polo demais, que tanto Vidal (1997) coma Castro (1989) recoñecen unha regra posléxica de resilabeo que transforma a nasal de *unha* de posnuclear en prenuclear. Nós simplemente consideramos que esa regra se produce dentro do léxico e asociada a un proceso morfolóxico, aínda que non neguemos que existen regras posléxicas de resilabeo.

pouco soporte fonolóxico que presentan as dúas raíces /uŋ/ e /un/ e en que a diferenza articulatória entre [ŋ] e [n] é menor cá que existe entre [ak] e [ej].

En todo caso, aceptar que existan dous alomorfos tamén supón un encarecemento da descrición. Sen embargo é notoria unha diferenza fundamental entre este tipo de encarecemento en alomorfos e o que acabamos de criticar en procesos: en galego é relativamente común que existan alternancias entre raíces cultas e patrimoniais rexidas por criterios de distribución complementaria, mentres que no caso que conduce a un silabeo *unh.a* podemos ver procesos e estruturas silábicas claramente inusuais.

Un problema de maior entidade xorde cando nos enfrontamos con outras nasais que quedan na marxe posnuclear: é o caso de [kaŋga] ‘canga’, [deŋte] ‘dente’, [lombo] ‘lombo’, [eŋ] / [em ‘biuŋo] ‘en / en Vigo’, [nõŋ] / [nõŋ ‘aj] ‘non / non hai’, [nĩŋ] / [nĩŋ ‘ti] ‘nin / nin ti’. ¿Que trazos lle corresponden a estas nasais na representación subxacente? É evidente que en todos estes casos a realización da nasal é contextual e non depende de ningún xeito da adxunción de ningún morfema (compárese con [poŋ] ~ [po]ŋer ou [ale’mãŋ] ~ [ale’mãna]).

Para darnos razón destes casos en que a nasal posnuclear aparece no interior do significativo dun morfema e vai seguida doutra consoante heterosilábica ([lombo], [deŋte] ou [kaŋ’gar]), ou os casos en que a nasal aparece en posición final en palabras monomorfemáticas nas que é imposible un proceso flexivo ou derivativo ([seŋ] / [seŋ] ‘sen / sen forza’), podemos propor dúas solucións, polo de agora provisionais. En primeiro lugar, pódese defende-la existencia dunha consoante que ten como trazo especificado [+nasal] e que carece de punto de articulación especificado. Non se debe confundir este segmento subespecificado cos arquifonemas da fonoloxía funcional que se propoñen a miúdo<sup>12</sup>. En si, esta consoante non é unha unidade fonolóxica distinta das outras nasais, pois con /m/, /n/, /ɲ/ ou /ŋ/ só ten trazos comúns e ningún distinto. O que acontece é que é unha nasal para a que non é preciso sinalar un punto de articulación, pois adquire o que lle corresponde en virtude de regras fonolóxicas posléxicas contextuais.

A segunda solución que se podería explorar sería a de outorgarlles un punto de articulación. Nos estudos de fonoloxía galega vén sendo tradicional especificar estes segmentos como velares. Esta interpretación recibe varios soportes: en primeiro lugar, é a realización substancial que se presenta en posición final absoluta ([diŋo ‘nõŋ] ‘dixo non’) ou ante vocal heterosilábica ([nõŋ ‘aj] ‘non hai’); tamén se dá ante segmentos alveolares ([kaŋ’saðo] ‘cansado’, [ʃeŋro] ‘xenro’) ou nasais labiais ([koŋ ‘maj] ‘con máis’); e é sempre unha realización posible ante outras consoantes ([deŋte] ou [deŋte] ‘dente’).

12 “Concebimos los archifonemas como unidades del sistema fonológico que, como los fonemas, son comprobables por conmutación y se realizan en sonidos concretos, pero que, al contrario que estos, aparecen exclusivamente en posiciones de neutralización y, como consecuencia, sus matrices de rasgos son *abiertas* desde el punto de vista del sistema: existen otras unidades que presentan los mismos rasgos que caracterizan a un archifonema dado más otros u otros rasgos (el / los neutralizado(s))” (Alexandre Veiga 1993, p. 118).

Tanto a falta de tempo coma os intereses que determinaron a redacción deste traballo obríganos a deixar fóra esta cuestión, pois, recordémolo de novo, a nosa intención foi buscar argumentos que permitan situar no ataque da sílaba a nasal intervocálica de *unha*, *algunha* e *ningunha*. Cuestión distinta é dilucidar qué tipo de nasal é a que se presenta neses casos, problema que merece un estudio á parte.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALGa II = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vol. II. Morfoloxía Non-Verbal*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ et alii (1986) = Rosario ÁLVAREZ, Xosé Luís REGUEIRA e Henrique MONTEGUDO: *Gramática Galega*, Vigo: Galaxia, 1986.
- ÁLVAREZ, Rosario (1991): "O sistema fonolóxico do galego. Comparación co do portugués", en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIIIème Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (1986)*, vol. 3, Tübingen: Niemeyer, pp. 517-530.
- ANDERSON, Stephen R. (1985): *Phonology in the Twentieth Century: theories of rules and theories of representations*, Chicago: University of Chicago Press. Cito pola traducción española: *La fonología en el Siglo XX*, Madrid: Visor, 1990.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1979): *Gramática elemental del gallego común. Séptima edición*, Galaxia: Vigo.
- CARVALHO, Manuel Brandão de (1988): "Nasalité et structure syllabique en portugais et en galicien: approche non linéaire et panchronique d'un problème phonologique", en *Verba* 15, pp. 237-263.
- CASTRO, Obdulia (1989): *Aproximación a la fonología y morfología gallegas* [Spanish text], Ann Arbor: UMI, 1991.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (1996): "Achegas sobre a morfoloxía do artigo determinado e do pronome átono acusativo de terceira persoa", comunicación lida no *I Congreso Internacional «A lingua galega: historia e actualidade»*, Santiago de Compostela, 16-20 setembro de 1996 (no prelo).
- DUBERT GARCÍA, Francisco (1998): *A fala de Santiago de Compostela. Estudio xeolinguístico*, Tese de doutoramento (inérita), Universidade de Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ, Manuel e María GONZÁLEZ (1997): "Algunhas consideracións ó redor do [N] en galego", en Benigno Fernández Salgado (ed.) *Actas do IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (Oxford, 26-26 de setembro de 1994)*, Oxford: Centro de Estudos Galego, pp. 291-308.

- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (1998): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*, Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- KATAMBA, Francis (1993): *Morphology*, London: Macmillan.
- LADEFOGED, Peter (1993): *A course in phonetics. Third Edition. International Edition*. Fort Worth: Harcourt Brace College Publishers.
- LADEFOGED, Peter e Ian MADDIESON (1996): *The Sounds of the world's languages*, Oxford: Blackwell.
- LAVER, John (1994): *Principles of Phonetics*, Cambridge: Cambridge University Press.
- MARTINET, André (1991): *Éléments de linguistique générale. Quatrième édition*. Paris: Armand Colin.
- MARTÍNEZ, José Antonio (1978): "Los elementos de la gramática y el género en castellano", en *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, vol. 1, Oviedo: Universidad de Oviedo, pp. 165-192.
- MATTHEWS, P. H. (1991): *Morphology. Second edition*, Cambridge: Cambridge University Press.
- PENA, Jesús (1991): "Consideraciones en torno a la *palabra* y al *morfema*", en M. Brea e F. Fernández Rei: *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 365-373.
- PORTO DAPENA, José Álvaro (1976): "Fonología de la N velar gallega", en *Revista de dialectología y tradiciones populares* 32, pp.467-477.
- PORTO DAPENA, José Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, anexo 9 de *Verba*.
- REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1989): *A fala do norte da Terra Cha*, Tese de doutoramento (inérita), Universidade de Santiago de Compostela.
- ROCA, Iggy (1994): *Generative phonology*, London: Routledge.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (1973): *El habla del Valle del Suarna*. Tese de doutoramento (inérita), Universidade de Santiago.
- SPENCER, Andrew (1991): *Morphological theory*, Oxford: Blackwell Publishers.
- TABOADA CID, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*, anexo 15 de *Verba*.
- TRASK, R. L. (1996): *A dictionary of phonetics and phonology*, London and New York: Routledge.
- VEIGA, Alexandre (1984): "Dos unidades del sistema fonológico español: el fonema africado y el archifonema interrupto", en *Verba* 11, pp. 157-179.
- VEIGA, Alexandre (1993): "En torno a los conceptos de neutralización y distribución defectiva", en *Verba* 20, pp. 113-140.

VEIGA, Amable (1976): *Fonología gallega*, Valencia: Bello.

VEIGA, Amable (1984): "Dominancia y redundancia en fonología", en *Verba* 11, pp. 39-63.

VIDAL, Tiago (1992): *As vocais nasais en portugués e en galego, con especial referencia á fala ancaresa*, Tese de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

VIDAL, Tiago (1997): "Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo", en *Verba* 24, pp. 313-332.

WILLIAMS, E. B. (1938): *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Philadelphia / London: Oxford University Press. Cito pola traducción portuguesa: *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1975<sup>3</sup>.